

NOS TEUS BRAZOS

Estou na miña cama, pero ti non estás aquí. Berros dunha discusión sen sentido, afondan no meu subconsciente e non me deixan respirar. Neste mundo, nada é como antes. Sei que non estou ben soa, pero é o único que quero. A luz non volveu dende aquel verán en Lira, a miña primeira viaxe co meu rapaz. De volta dunha festa, o coche puxose fóra de control. A alma do meu rapaz desaparecera, e a miña apagarase. Cicatrices polo corpo, que me fan lembrar. Non lle culpo delas, xa que o culpable de todo foi o alcohol. Ninguén ven axudarme, preciso non afogar. Non volvíñ pasar por alí, dende a súa morte. Pasa o tempo, refuxiada na miña mente, tratando de evadirme. Cada día faise máis longo, preciso fuxir. Nunha noite de decembro, soa o timbre do meu fogar. Penso que non é para min, que tan só se confundiron. O timbre non deixa de soar, e fai da miña ceabeza, un inferno. Saí da miña habitación, enfadada e co medo, de volver tropezar. Abro a porta, e a persoa que se atopa detrás, abrazame como se non houbera un mañá. Non sabía se estaba no ceo, ou na realidade. Era el, cos seus ollos verde avelá, os seus rulos e o seu perfecto sorriso. Bicame, e prométeme que nada volverá ao de antes. Eu non o podo crer, está vivo!!!!

O día do accidente, ingresaran nun hospital da Coruña. Eu volverá a Lugo, e ao día seguinte, dixereronme que morrera. En cambio, el díxome que os médicos derano por morto, pero en realidade, antes do seu traslado a funeraria, fuxiu. Non recordaba nada, ata que atopou unha fotografía dos dous. Non saí da miña sorpresa. Acercase ao piano que teño no salón e comeza a tocar a nosa canción favorita: *I can't make you love me* de Bonnie Raitt. O meu interior volveu florecer. O único que quero agora, e desprenderme da miña mente e estar nos seus brazos, durante todas as noites.

María Penín García 4ºESO-A